



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE TRABALLADORES/AS SOCIAIS PARA O NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS. EXP. 2024/E001/000005

Pola resolución de Alcaldía núm. 1109/2024, do 26 de decembro de 2024, aprobouse a convocatoria e as bases que han de rexer o procedemento selectivo, polo sistema de concurso-oposición, para a creación dunha bolsa de emprego de traballadores/as sociais, para o nomeamento de funcionarios/as interinos/as, Grupo A, Subgrupo A2, Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, polos motivos sinalados no artigo 10. 1 a) b) c) e d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do estatuto básico do empregado público (TREBEP).

No BOP núm. 2 do 3 de xaneiro de 2025, publicouse a convocatoria e as bases, así como no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, concedéndose ás persoas interesadas un prazo de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP, para a presentación de solicitudes, de conformidade coa base quinta.

Pola resolución núm. 35/2025 do 28-01-2025 aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, publicándose o anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, así como na páxina web do concello

Na data do 21-02-2025 dítase a resolución núm. 103/2025 pola que se aproba a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, noméase ao tribunal cualificador e convócase aos seus membros para o inicio do proceso selectivo o luns, 10 de marzo de 2025, ás 10:00 horas no salón de Plenos da Casa do Concello, para a súa constitución e valoración dos méritos dos candidatos, publicándose na sede electrónica e páxina web municipal.

Sendo as 10:00 horas do día 10 de marzo de 2025, no salón de Plenos do Concello de Ponteceso concorren os seguintes membros do tribunal que xulga o proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego de traballadores/as sociais, para a valoración da fase de concurso:

Presidenta: D. Miguel Piñeiro Souto, secretario do Concello da Laracha

Secretaria: D^a. Antía Pena Dorado, secretaria do Concello de Ponteceso

Vogais:

Primeiro: D^a. Romina Galán Iglesias, traballadora social do Concello de Cambre

Segundo: D^a. Inés María Vázquez Cebeira, traballadora social do Concello de Guitirriz

Terceiro: Ernesto Fernando Calvo Pérez, arquitecto técnico do Concello de Ponteceso

O presidente declara constituído o tribunal de selección.

Comézase a valorar a fase de concurso, consonte ao establecido na base 10^a, salientando que o tribunal se axustará ao establecido na mesma:

"FASE DE CONCURSO (Puntuación máxima 20 puntos)



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

Con anterioridade á fase de oposición, procederase á avaliación da fase de concurso. Non terá carácter eliminatorio e consistirá na valoración, por parte do Tribunal, dos méritos que concorran nas persoas aspirantes. Valorarase ata un máximo de 20 puntos. A estes efectos, o Tribunal avaliador reunirase en sesión non pública para proceder á súa valoración. Soamente se terán en conta os documentos acreditativos que aqueles/as presentasen ata o peche do prazo da convocatoria, sen que poidan presentarse méritos en período de corrección. Non se tomarán en consideración nin serán valorados os méritos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos no momento de finalización do prazo de presentación de instancias. Con todo, non será necesario presentar documentos que xa se atopen en poder desta Administración, o cal deberá ser alegado expresamente polo/a aspirante.

Os méritos que se terán en conta son os seguintes:

A) Experiencia profesional: Puntuarase a experiencia nos postos desempeñados como traballador social, ata un máximo total de 10 puntos.

a) Por servizos prestados na Administración Local na mesma categoría que a praza convocada: 0,20 puntos por mes completo de servizo traballado.

b) Por servizos prestados no resto de Administracións Públicas na mesma categoría que a praza convocada: 0,10 puntos por mes completo de servizo traballado.

Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes e os meses consideraranse de 30 días.

Forma de acreditación: Os méritos do apartado A) acreditaranse mediante a presentación da vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, acompañado dunha certificación expedida pola Secretaría do concello ou entidade pública onde se teñan prestado os servizos onde conste, a duración dos servizos, escala, subescala, grupo e/ou categoría e nome do posto de traballo así como as tarefas desenvolvidas. A non presentación de ambos os dous documentos (Vida Laboral + certificado da Administración Pública de procedencia) suporá a non valoración do mérito alegado.

B) Formación: Valorarase ata o máximo de 10 puntos.

B.1 Pola asistencia a cursos ou seminarios sobre materias directamente relacionadas coas funcións e tarefas do posto convocado, e outras análogas relacionadas coa Administración Local, acreditados con diploma, certificado de asistencia ou de aproveitamento:

-Por cada hora lectiva que figure na certificación ou diploma do curso ou seminario: 0,025 puntos.

Só serán valoradas as accións formativas impartidas polas seguintes entidades e relacionados co posto de traballador/a social e os de coñecemento transversal en materia de Administracións Públicas: Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, Instituto Nacional da Administración Pública, Consellerías competentes en materia de Administración Pública, EGAP, Organizacións sindicais no marco do Acordo de Formación continua, Organismos da Administración Local, Servizos públicos de Emprego e calquera outra Administración Pública non contemplada anteriormente, así como Universidades e Colexios Profesionais.



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

Non se valorarán os cursos de formación e perfeccionamento nos seguintes supostos:

- a) Os cursos onde o número de horas de formación non conste expresamente no diploma ou certificado.*
- b) Os cursos onde o número de horas de formación sexa inferior a 20 horas.*

B.2 Por estudos universitarios, por ter unha licenciatura superior ou equivalente a maiores da esixida, directamente relacionada coa área de coñecemento do posto de traballo: 3 puntos

B.3 Por cada título universitario propio de postgrao (máster, especialización ou experto universitario) directamente relacionados coa área de coñecemento do posto de traballo ao que se opta: 2 puntos

Forma de acreditación: Os méritos do apartado B) acreditaranse mediante o correspondente certificado da súa realización expedido polo organismo correspondente ou diplomas expedidos por calquera Administración Pública ou Organismos e institucións públicas oficiais dependentes das administracións públicas, ou polas Universidades públicas.

Non serán obxecto de avaliación os certificados expedidos por academias privadas.

Os méritos alegados e non acreditados na forma anteriormente relacionada non se valorarán. Realizase mediante o correspondente certificado da súa realización expedido polo organismo correspondente."

Realizada a valoración de méritos da fase concurso o tribunal, por unanimidade, outorga as seguintes puntuacións:

FASE CONCURSO (máx. 20 puntos)					
Nº	APELIDOS E NOME	DNI	A) EXPERIENCIA PROFESIONAL (máx. 10 puntos)	B) FORMACIÓN (máx. 10 puntos)	TOTAL (A+B)
1	AÑON GUERRA, JONATHAN	***4607**	10	10	20
2	ANTIQUERA PEREZ, BEATRIZ	***7587**	10	10	20
3	CABANA GONZALEZ, OSCAR	***0197**	7,61	10	17,61
4	CALVIÑO RAMA, AGUEDA MARÍA	***1630**	10	10	20
5	COUTO MAROÑO, LETICIA MARIA	***9988**	1,6	10	11,6
6	ESPERANTE BLANCO, ALBA	***0301**	4,7	10	14,7
7	FRAGA ALONSO, BEATRIZ	***6884**	2,9	10	12,9
8	GOMEZ GONZALEZ, FRANCISCO JAVIER	***8633**	0	3,12	3,12



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

9	HERNANDO MARTINEZ, PAULA	***8963**	6	8,87	14,87
10	LEIRO MARIÑO, ROCIO	***3236**	9,40	10	19,40
11	LEMA ORDOÑEZ, MARIA	***4295**	0	0	0
12	MONTERO LOPEZ, YOLANDA	***9516**	0,8	5,92	6,72
13	MOURE VARELA, CLARA	***5322**	0	3,25	3,25
14	OCAMPO GONZALEZ, ROSA M ^a	***7260**	2,30	10	12,30
15	PENIN GESTAL, ANA	***0387**	6,2	10	16.2
16	RODRIGUEZ FERNANDEZ, IRIA	***7106**	10	10	20
17	RODRIGUEZ RAMA, DIANA	***3081**	8,60	10	18,60
18	SANTOS DIAZ, CRISTINA	***7517**	10	10	20
19	TOJO CURROS, ISABEL	***6690**	8,60	10	18,60
20	VAZQUEZ SAQUES, ANTIA CONSUELO	***3762**	1,20	5,38	6,58

Rematada a valoración da fase de concurso o tribunal cualificador acorda, por unanimidade, o seguinte:

Primeiro: Publicar esta acta no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal <https://sede.ponteceso.gal/sxc/gl/informacion/> e na páxina web, para os efectos de publicidade e xeral coñecemento, outorgando aos candidatos un prazo de **tres días hábiles** (base 17), aos efectos da presentación de reclamacións ou alegacións polos aspirantes.

O presidente do tribunal dá por finalizada a reunión, sendo as 14:00 horas do día 10 de marzo de 2025, redactándose a presente acta, que asinan dixitalmente os membros do tribunal.